

Itinerario formativo para o emprendemento cooperativo

[En colaboración co Concello de Santiago de Compostela | Impulso dun Ecosistema Emprendedor na Economía Social | Compostela Móvese 2023]

DATAS REALIZACIÓN	<p>Emprendemento en cooperativa do 13 ao 27 de setembro</p> <p>Habilidades e competencias para o traballo en equipo nas cooperativas do 3 ao 17 de outubro</p> <p>Desenvolvendo a idea cooperativa do 18 ao 31 de outubro</p>	DURACIÓN	60 horas en total (20 h. cada un dos 3 cursos)
LUGAR CELEBRACIÓN:	Modalidade en liña con 2 sesións virtuais de aprendizaxe http://www.aulaespazocoop.com		
PERSONA DE CONTACTO	Patane García Méndez	TELÉFONO	881 887 456 - 697 877 773
		E-MAIL	patane@espazo.coop
PARA INSCRIBIRSE PREMA AQUÍ			
OBXECTIVOS			
<p>– Visibilizar e divulgar entre a poboación en xeral os modelos de empresas de Economía Social e o das cooperativas en particular como fórmula de creación de emprego estable e de calidade, fixación da poboación, acceso das mulleres a postos de responsabilidade e limitación da fenda salarial, recuperación de empresas en crise, etc.</p> <p>– Dar a coñecer a persoas en proceso de busca de emprego, persoas interesadas en incorporarse ao mercado de traballo a través do emprendemento colectivo, grupos promotores de cooperativas, profesionais autónomas interesadas en compartir servizos, recursos, ou investimentos nun modelo de emprendemento cooperativo.</p>			
PROGRAMA E CONTIDOS			
<p>Curso 1 Emprendemento en cooperativa (20 horas do 13 ao 27 de setembro de 2023)</p> <p>Módulo 1.- O emprendemento cooperativo Módulo 2.- Características das empresas cooperativas Módulo 3.- A organización cooperativa Módulo 4.- Pasos para a constitución da cooperativa. Presentación dunha experiencia cooperativa.</p>	<p>Curso 2 Habilidades e competencias para o traballo en equipo nas cooperativas (20 horas do 3 ao 17 de outubro de 2023)</p> <p>Módulo 1.- A Comunicación Módulo 2.- O traballo en equipo Módulo 3.- A toma de decisións Módulo 4.- O liderado nas cooperativas</p>	<p>Curso 3 Desenvolvendo a idea cooperativa (20 horas do 18 ao 31 de outubro de 2023)</p> <p>Módulo 1.- Identifica o teu proxecto cooperativo Módulo 2.- Analiza as áreas comercial e de mercado Módulo 3.- Estuda a viabilidade económica e financeira Módulo 4.- Planifica a área organizativa e os trámites de constitución</p>	
METODOLOXÍA			
<p>Activa e participativa coa utilización de medios audiovisuais e actividades prácticas de reflexión e debate. O alumnado terá ao seu dispor, na plataforma de teleformación, os materiais do curso para o seu estudo, amáis de material complementario que se lles fará chegar a través do foro do curso. Realizaranse dúas sesións virtuais de aprendizaxe coas que reforzar, de xeito síncrono, a relación e traballo colaborativo. As tarefas dispostas na plataforma servirán para facer unha avaliación do aproveitamento do alumnado participante. As canles de comunicación entre o equipo titorial e o alumnado será: o servizo de foros e mensaxería interna da plataforma, o correo electrónico, o teléfono e a sala de videoconferencias do curso para a realización das titorías virtuais e as sesións virtuais de aprendizaxe. As persoas que non poidan participar nas sesións virtuais de aprendizaxe terán que realizar unha actividade complementaria para completar o curso.</p>			
DIRIXIDO A			
<p>Persoas en proceso de busca de emprego, persoas interesadas en acceder ao traballo a través do emprendemento colectivo, grupos promotores de cooperativas, profesionais autónomas interesadas en compartir servizos e recursos cun modelo cooperativo.</p>			